

## Paseaban Sombras

Os pés imprimían pés no azucré da area  
e paseaban sombras ó longo da praia.  
Consortes de escuridade.  
En cada pasada o sol reflíctese en soles  
infinitos  
e a area mollada  
en planchas de aceiro  
con ondas lenes acariciando pisadas.

Cunchas de nácaras, ollos maos,  
cantos rodados, escumas de nata.

Paraíso emerxido da marea baixada.  
Rochas descubertas de zinc e de prata  
paseando amores na area mollada.  
Pasei a miña man polos ombros de brisa  
e de pel mollada.

Un sorriso nos ollos, un ricto na cara.

Cunchas de nácaras, ollos maos,  
cantos rodados, escumas de nata.